



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E D.A.

CONVOCATORIA

Segundo o previsto pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, *DECRETO 171/2021, do 23 de decembro (que modifica o DECRETO 16/2018, do 15 de Febreiro)*, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, a Xunta Directiva da Federación Galega de Loita e D.A. convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en Asemblea Extraordinaria celebrada o 12 de maio pasado e ratificado pola SXD e Xunta Directiva.

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida por esa mesma Asemblea Xeral. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 6, Vigo) ou no enderezo electrónico **fegaloita@gmail.com**, aos cales deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

- ◆ Presidente: D. Pedro R. Gomez Chausa
- ◆ Secretaria: Dna. Ana María Iglesias Casal
- ◆ Vocal: D^a María Isabel González González
- ◆ Suplentes: D^a Marta López García
D^a. Laura López Garcia
D^a. Susana Garcia Senra

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas no enderezo da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, Vigo) e no, Hotel Oca Puerta del Camino, C/ Miguel Ferro Caaveiro s/n. 15707 Santiago de Compostela, abertas de 9:00 ata 13:00 horas.

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas ante a Xunta Electoral nos prazos e datas previstas que figuran no calendario electoral anexo a esta convocatoria. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de avisos da Federación ou na páxina web da mesma: www.fegaloita.es, no apartado "Proceso Electoral 2022".



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**FUNDACIÓN
DEPORTE
GALEGO**

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que se detallan no regulamento electoral.

Os prazos e condicións para exercer o voto por correo son os que se detallan no regulamento e calendario electoral.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída a Comisión Xestora, limitándose no sucesivo a adoptar acordos de mera administración e trámite.

Vigo, 28 de xuño de 2022.